
Parque Empresarial Terciario Porto do Molle

Publicado por Juan - 06-06-E 02:06:51

Estanse a desenvolver as obras de execución para o Parque Empresarial de Porto do Molle. Despois das obras de explanación ven de pecharse o prazo de exposición pública do proxecto de urbanización. Os colectivos veciñais alertan da falta de adopción de medidas correctoras que limiten o impacto social e ambiental do parque.

=====

Parque Empresarial Terciario \"Porto do Molle\"

Publicado por Juan - 06-06-E 02:35:27

Onte 5 de xuño, mantivemos, os colectivos veciñais, unha reunión cun técnico que nos revisou o Proxecto de Urbanización e presentou as correspondentes alegacións ó mesmo.

A situación de desgoverno no que estivo e segue este Concello xerou unha situación tremendamente complicada en Porto do Molle, tanto polo avance das actuacións como polas deficiencias que acarrearán ó Concello a un máis que probable colapso social e medioambiental. A implantación do Parque de Porto do Molle pódese considerar sumamente salvaxe, tanto que altera o modelo de ordenación do territorio do Concello. Tan só Porto do Molle supón incrementar o solo urbanizable do Concello de Nigrán nun 50%.

Debido á dimensión do proxecto son dúas as grandes deficiencias nas que centramos a nosa atención e as nosas alegacións:

1.- Non houbo unha previsión axeitada das conexións externas do polígono.

1.1.- Viais perimetrais deficientes incapaces de satisfacer o tráfico estimado, xerado polo parque. Estímase que se xerará un tráfico duns 1000 camións/día entrando e saíndo do parque por tan só dous viais exteriores. Esta situación creará un colapso e caos circulatorio no concello.

1.2.- Insuficiente rede de abastecemento (auga, luz, etc) e saneamento. A lei establece que é o promotor (Zona Franca) que ten que costear o redimensionamento das infraestruturas externas para dar abastecemento e saneamento á urbanización. Neste momento fóra do parque non é Zona Franca a que está dando solución a estes aspectos da urbanización, senon que se están costeando con diñeiro público a través das administracións públicas tales como a Deputación, Consellerías, etc.

1.3.- O parque interrompe un sistema natural de drenaxe natural, proba directa disto é a dimensión do canal perimetral creado proxectado para canalizar un gran volumen de auga. O feito de que na zona de Porto do Molle so existise unha casa e un matadoiro revela que a zona non é apta para urbanizar debido non só as súas características xeotécnicas senon tamén á importancia do seu funcionamento como sistema natural. Isto acarrealle a Zona Franca a necesidade de resolver esta situación o que encarece enormemente a urbanización dos terreos dificultando a intención manifesta de poder ofrecer terreos baratos a empresas de fóra como reclamo. O impacto do encaise de un millón de metros cadrados na zona de Porto do Molle acarreará un impacto aínda non dimensionado de xeito creíble. Zona Franca recoñece como medida a realizar para evitar as inundacións no fondo do val o encauzamento do río Muíños dende o límite do parque de Porto do Molle ata a súa desembocadura.

O problema de Porto do Molle é conseguir que sexa un sistema estanco e non influa negativamente no Medio Ambiente, e isto a día de hoxe non está garantido. De feito esta situación esixe a creación de extensas áreas de terreo rústico que amortiguarán os efectos medioambientais orixinados, en claro perxuicio dos veciños lindantes co parque.

2.- Declaración de Impacto Ambiental (DIA) anticuada. A DIA é do ano 1994 e a revisión que se fixo dela coa nova lei de Medio Ambiente no ano 2003-4 detectou tantas deficiencias que a propia Xunta de Galicia convalidou a sabendas que era deficiente e escasa.

O Concello é o responsable de non ter exercido un control serio sobre o proxecto. Despois das alegacións o Concello debe pedir os informes técnicos pertinentes e, se se da o caso, esixir a modificación do proxecto de urbanización.

Os colectivos veciñais solicitan a toma de medidas correctoras para minimizar os efectos do desenvolvemento de Porto do Molle.

Poderedes consultar o proxecto de urbanización aprobado inicialmente, o informe técnico e as alegacións presentadas.

=====

Parque Empresarial Terciario Porto do Molle

Por si alguán quere saber cales foron as alegacións dos veciños referente ao proxecto de urbanización de Porto do Molle, está publicado na web de www.salvemostmonteferro.org

Porto do Molle (Informe técnico e análise de deficiencias)

Apuntar que este informe foi pagado polas Asociacións veciñais, coa metade do seu presuposto. Fronte a este informe as alegacións presentadas polo concello no seu momento, alá polo mes de maio foi de dúas follas por unha carilla. Xa vedes.

=====

Re: Parque Empresarial Terciario Porto do Molle

Publicado por teresa - 05-10-E 10:18:24

EL DELITO ECOLOGICO YA ESTA ECHO. EL IMPACTO MEDIOAMBIENTAL ES IMPRESIONANTE SOLO TENEIS QUE BAJAR EL CAMIÑO DO LABREGO. MACOMUSA YA HABIA HECHO DE LAS SUYAS CON VERTIDOS PERO ES UNA ANECDOTA FRENTE A LO QUE SE AVECINA

=====

Re: Parque Empresarial Terciario Porto do Molle

Publicado por Pinto - 05-10-E 15:30:34

Isto podería ter outro final se se cambiar o uso de ese espazo e pasará a ser un 70% de uso residencial. E como dicía un home de nigrán en varias reunións...ahí tiñan que estar feitas vivendas de protección oficial para o rapaces.

=====

Re: Parque Empresarial Terciario Porto do Molle

Publicado por Juan - 25-10-E 06:16:08

Pois eu non sei que vos diga, porque se se alerta dun risco serio de inundacións nesa zona, non creo que o máis apropiado sexa poñer ahi vivendas de protección oficial. En todo caso vivendas desas que só se ocupan na tempada de verán, tal e como son a metade das que hoxe temos no municipio e están en mans dos que empregan a vivenda como inversión.

As vivendas de protección oficial hai que facelas nas mesmas unidades de actuación que se desenvolven por ahi e non crear un barrio de protección oficial (gueto) por un lado e chalés por outro.

A solución a Porto do Molle debería ser outra.

Vamos, creo eu.

Saúdos

=====

Re: Parque Empresarial Terciario Porto do Molle

Publicado por Juan - 28-10-E 12:22:48

Onte (27 de outubro de 2007) publicouse no Faro de vigo que o portavoz do PP, Alberto Valverde, "censura a fiscalización sobre Porto do Molle". ¿Algué sabe qué quere dicir isto?

Se Cadra ó PP parécelle mal que despois de tantos anos desenvolvéndose un proxecto da embergadura do que se está facendo en Porto do Molle, se intenten corrixir algunhas cuestións que poderían ter graves consecuencias sobre o Medio Ambiente e sobre A Poboación. ¿Saberá o PP e Alberto Valverde do que estamos a falar? Non estaría mal que se atrevesen a enumerar os principais problemas que plantexa este Proxecto, aínda que ó mellor para eles todo está ben.

Ou, se cadra, ó PP parécelle mal que os seus compañeiros de partido do anterior Goberno Municipal (PP-PINN) non se tiveran molestado en facer algún tipo de seguimento do desenvolvemento do Parque Empresarial. Non se fixo ningún

tipo de comprobación de se as obras se axustaban ó proxecto. Non se fixo ningún tipo de avaliación dos riscos de asulagamentos, aínda hoxe non se sabe cales son efectos que poderá sufrir a poboación de Parada e Praia América polas modificacións das cotas do terreo nunha zona que sufríu inundacións toda a vida. Estes problemas, por non enumerar outros, que os hai e sobre os que non se traballou nada de nada.

¿Qué opina o PP de todo isto? ¿terán algún criterio sólidamente fundamentado?

Dame a impresión de que o PP está no non polo non.

Ó mellor o PP, o mesmo PP que sacou á exposición pública o Proxecto de Urbanización en plena campaña electoral, o mesmo PP que dificultou o acceso á documentación para elaborar as alegacións, o mesmo PP que quixo aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización antes de abandonar o Goberno de non ser porque lles faltaba documentación, o mesmo PP que endexamáis informou con transparencia ós veciños do que se estaba a facer en Porto do Molle, o que que descoñece é que os colectivos veciñais presentaron unhas alegacións ó Proxecto de Urbanización do Parque Empresarial perfectamente documentadas e cun profundo coñecemento das mesmas.

Esas alegacións e a sensibilidade e responsabilidade do actual Goberno Municipal esixen a avaliación seria das posibles consecuencias que se poden producir por culpa do que en Porto do Molle se está a facer. Sensibilidade e responsabilidade dos veciños e actual Goberno Municipal que confronta coa arrogancia e irresponsabilidade de quen fala de algo que descoñece e que tivo unha enorme responsabilidade no pasado deste proxecto.

=====

Re: Parque Empresarial Terciario Porto do Molle

Publicado por Pinto - 28-10-E 23:54:28

O mesmo PP que defende un proxecto de porto de pesqueiro deportivo que nin se quera foi quen de leelo antes de ir ao pleno. Menudo ridículo. En fin, por iso di as burradas que dí na prensa. O que non sei é como hai periódicos que son capaces de publicar semellantes burradas. Será que non hai nada que dicir no Val Miñor para encher as páxinas??

=====

Re: Parque Empresarial Terciario Porto do Molle

Publicado por Pinto - 28-10-E 23:59:39

A ligazón ao polígono de Nigrán arrasará unha zona verde municipal

http://www.valminor.info/images/stories/Especiais/PortoMolle/porto_do_molle_aerea.jpg

A nova proposta da Xunta para conectar Porto do Molle coa autoestrada abrirá o debate político. A ligazón da autoestrada do Val Miñor co futuro parque empresarial de Porto do Molle afectará a máis de 20.000 metros cadrados de superficie que no proxecto de sectorización do polígono están contemplados como zona verde e de uso municipal.

A proposta foi remitida ao Concello o pasado día 9 pola Consellería de Política Territorial co obxectivo de que o goberno municipal emita un pronunciamento.

Nigrán perdería unha gran zona de uso municipal sen percibir ningunha contraprestación a cambio. Este espazo podía destinarse a unha zona de espaxemento como, por exemplo, un parque público.

A Consellería de Política Territorial enviou os planos da proposta ao Consistorio e fixou un prazo de dez días para que emita un informe que, en todo caso, non será vinculante. Devandito prazo finaliza mañá luns.

:angry: alguén sabe algo disto? Si non é vinculante para que preguntan? que nos pregunte aos veciños Isabel Dominguez, que lle imos responder, a ver a que se adican en esta consellería, que parecen que andan a durmir.

=====

Re: Parque Empresarial Terciario Porto do Molle

Publicado por Pinto - 30-10-E 13:27:56

Pois despois do de hoxe, co tema da neva de praia américa. O candidato do partido popular debería agachar as orellas, porque seguir defendendo o indefendible non parece de xente moi lista. Pero nada, que siga así, que el mesmo se vai

enterrando de cara ás seguintes eleccións. Pero bueno, eu creo aos comentarios da xove e inexperta oposición tampouco hai que darlles moito pulo. Son comentarios que non se sustentan nin por eles mesmos, o que pasa que pretender confundir a xente. Pero despois do PXOM coido que moita xente ten clariño onde está cada un, e quen esta a facer o traballo ben e quen o fixo mal durante 4 anos.
E así vai saíndo todo o que vai saíndo.

E volvendo ao de Porto do Molle, que é o que interesa nesta foro.
Finalmente alguén sabe se se constituíu un consello sectorial exclusivo para Porto do Molle? ou vai todo no mesmo lote do consello sectorial do PXOM?.

Eu sigo véndolle trabas a este asunto. O tema dos viais e o tráfico de camións.
O tema do consumo de auga potable.
Pero o que máis preocupa é o tema de asulagamento e a posible perda do areal da praia de Lourido.
A todo isto, que aquí nin guen dixo nada e tampouco lin nada na prensa.
Augas de Galicia non se supón que ten que opinar nisto dos cauces dos ríos e estas cousas? Non é obriga deles emitir os informes oportunos?

A ver se alguén bondadoso nos achega esa información.

=====